



RÍA DE AROUSA VILANOVA DE AROUSA

Por: Manuel Chazo Cores

As praias milenarias, ribeiras de area branca, o teu vento e as mareas, fermosa Vilanova, seguen cos seus mesmos nomes, pero cambiaron o rumbo e o latido das súas vidas, delas leváronse todas as ilusións.



Esas praias de traballo, redes e moitos peixes azuis, son agora constantemente bañadas, no verán, por xentes de todas as partes. Antes latía o meu corazón buscando aquelas pegadas da miña sorte nestas praias. Por máis que buscaba, levábanas de día e noite as mareas. Recordo que nunha barca e, en dotación, largabamos as redes e varaban na praia, ás veces cargadas e cheo o seu cope de peixes.

De día e con marea dábanse as luras e, sobre todo de noite, halando, oía o murmurio das ondas na praia. Era a vida, a praia facíame deixar a festa, o alalá e, dende o porto, vogar e vogar ata conquistar a sorte que ansiabamos, ás veces xenerosa coma un milagre ofrecíanos a pesca, sen pensalo, na mar escura e ardente da vida, a pesca lanzada e varada na praia, ti fuches, Rabandeira Chica, ese milagre.

E sobre o mar, na barca, cantos recordos. O Vado de Arousa deunos a pesca noutra noite, coma outro milagre. Pero xa non volveron, Vado, ao teu abrigo e á túa corrente, máis peixes como aqueles.

Ría de Arousa, testemuña verdadeira, grande, limpa e xenerosa; mar de toda clase de peixes, as túas algas foron milagres de millóns de peixes, pero as túas fermosas praias quedaron tristes, sen aquelas lanchas de bulicios mariñeiros, do halar das redes e da sorte.

Vilanova, aínda que na vida camiñen os teus fillos ledos polas areas das túas praias buscando aquelas pegadas, non saberán do trafegar mariñeiro, o halar de miles de pasos, cinto en cintura, deixando pegadas de arriba abaixo, e da clase de redes que varaban en todas elas; redes ás veces baleiras, pero outras cheas de bocarte, espadíns, sardiñas, xurelos, panchos, xoubiñas,...., e moitos quilos de luras.

Ría de Arousa, de voar inmenso de aves mariñas, de gaivotas, de araos e do piar das súas crías; mar de cerco, de caceas e boureis e de toda clase de artes; de dornas, lanchas, racús e traíñas, chalanas, veleiros e galeóns...

Aínda que durman en soños, recórdalle aos teus mariñeiros que as túas praias foron sempre vida, faro de luz e esperanza, á alba e ao crepúsculo, e que sentían a vida amorosa e o borboriño das ondas na praia. Eu, Manuel, sentín a voz na costa como mariñeiro, a voz da vida que dende as praias de Arousa falábame, principalmente na praia da súa igrexa.

